

FACER AS CONTRACCIÓNS NECESARIAS CO ARTIGO

1. Na saída da Alameda bateu cunha amiga da infancia pola que sempre sentiu un grande agarimo
2. Traballa cun curmán na construción da ponte do tren que pasa polo fondo da vila
3. Ao iren á festa do seu aniversario expuxéronse ás críticas dos seus inimigos
4. Xogaban xuntos á billarda, vivían nunhas casas próximas e os dous se apaixonaron polo mesmo equipo de baloncesto
5. Está entrando unha borrasca polo norte da Coruña, dixéreno na televisión
6. Vivía nun país afastado, nunha cidade bañada por un río de augas claras
7. Deu cunha amiga da infancia nas redes sociais mirando no seu móbil
8. Na película d'A Esmorga recóllense moi ben os ambientes da cidade das Burgas
9. Iso sae nun capítulo d'Os fillos do mar de Pedro Feijoo, mais non lembro de cal se trata
10. Naceu no Carballeiro, medrou nas Pontes e fíxose cun traballo na Coruña

COMPLETA:

1. ARTIGO DETERMINADO: *o, a, os, as*

	o	a	os	as
a	ao (ó)	á	aos (ós)	ás
con	co	coa	cos	coas
de	do	da	dos	das
en	no	na	nos	nas
por	polo	pola	polos	polas

2. ARTIGO INDETERMINADO: *un, unha, uns, unhas*

	un	unha	uns	unhas
con	cun	cunha	cuns	cunhas
de	dun	dunha	duns	dunhas
en	nun	nunha	nuns	nunhas